

O SISTEMA NERVIOSO

A continuación hai unha lista de preguntas e despois outra con respostas. Tes que escribir cada pregunta coa resposta que lle corresponda.

PREGUNTAS

- 1.-Partes do encéfalo.
- 2.-Tipos de nervios.
- 3.-Partes do sistema nervioso.
- 4.-Como funciona o sistema nervioso?
- 5.-Como se chaman e que forma teñen as células do tecido nervioso.
- 6.-Partes dunha neurona.
- 7.-Parte da neurona pola que se transmite información dunha neurona a outra.
- 8.-O sistema nervioso central está formado por:.....
- 9.-Que son os nervios?
- 10.-Que é o encéfalo?
- 11.-O sistema nervioso periférico está formado por ...
- 12.-Que parte do sistema nervioso central ordena as respostas involuntarias?
- 13.-Que parte do sistema nervioso central controla os actos voluntarios?
- 14.-De onde sae a médula espiñal e ata onde chega?
- 15.-Parte do sistema nervioso central que controla o equilibrio.
- 16.-Quen protexe a medula espiñal?
- 17.-Que nervios levan a información dende os órganos ata o encéfalo e a medula espiñal.

RESPOSTAS

- Sistema nervioso central e sistema nervioso periférico.
- Axón.
- Cerebro, cerebelo e bulbo raquídeo.
- Son as neuronas. Teñen forma estrelada con grandes prolongacións.
- Corpo, dendritas e axón.
- As vértebras, que forman a columna vertebral.
- Os nervios sensitivos.
- O cerebro.
- Fibras longas formadas pola unión de axóns de varias neuronas.
- O encéfalo e a medula espiñal.
- É unha parte do sistema nervioso central. Está na cabeza protexido polo cráneo. Ten tres partes: cerebro, cerebelo e bulbo raquídeo.
- A medula espiñal.
- Os nervios.
- Analiza a información que recibimos do exterior e do interior do corpo, ordena as respostas e coordina o funcionamento dos órganos e sistemas do corpo.
- O cerebelo.
- Sensitivos e motores.
- Comeza no bulbo raquídeo e chega ata o final da columna vertebral, o cóccix.